

CABANA DE BERGANTIÑOS

PATRIMONIO

Os primeiros asentamentos humanos datan do Megalítico, ademais de varios castros o patrimonio de Cabana de Bergantiños atesoura dous dos monumentos máis importantes da prehistoria galega: o dolmen de Dombate e o Castro de Borneiro. Da Idade Media consérvanse os restos do mosteiro beneditino de Canduas e a Torre da Penela. A presenza de varios pazos constata a existencia dunha nobreza rural asentada na zona.


Relixioso

A igrexa de San Martiño de Riobó, no interior atópase unha pia que ten como base o símbolo dos Moscoso, capiteis románicos e o marabillosa retablo barroco de San Martiño. O templo foi construído por mandato de Ruy Soneira de Riobó, e está soterrado nel.

A Capela de As Virtudes e O Carme, en Borneiro. Está situada nunha das carballeiras máis antigas do concello, a fachada coma se fose un retablo, aparece decorada con seis figuras pétreas de santos, a parte máis antiga data do século XVI con modificacións do s. XVIII. A poucos metros da ermida está a "fonte santa" e o cruceiro.

Igrexa de San Esteban de Cesullas (s. XVII – s. XVIII), na fachada hai unha imaxe pétreo de Santo Estevo, enmarcado lateralmente por volutas. No interior ten retablos barrocos.

Igrexa de San Pedro de Nantón, (s. XVI-s. XVIII), de estilo barroco, na fachada destaca unha pequena fornella coa escultura de San Pedro e unha torre campanario.



CASTRO A CIDÁ DE BORNEIRO

Declarado B.I.C. (Bens de Interese Cultural), é un dos castros máis antigos de Galicia, estivo habitado entre os séculos VI a. C. e o I d.C., e foi o primeiro en ser cientificamente datado co método do carbono 14.

Situado xunto a un arroyo, nunha ladeira orientada ó leste a 212 m. de altitude, domina o territorio que o rodea, a desembocadura do río Anllóns e a ría de Corme e Laxe.

A acrópole, está rodeada por un foxo e dous muros defensivos, excepto no cara leste, onde a propia pendente do terreo actúa como defensa natural. Están escavadas as tres cuartas partes da superficie da croa e un total de 36 construcións de planta circular, sendo todas de tipo doméstico e organizadas en barrios.



Ademais do recinto principal ou "croa" hai unha zona no lado leste, coñecida como o Barrio de Extramuros que integra unha gran casa ovalada, dúas fontes e un forno circular que debeu estar cuberto cunha bóveda e puido funcionar como unha fundición de metais. O achado de restos é impresionante, ademais dos "concheiros", atopáronse restos cerámicos, en bronce, ferro e pedra.

Obxectos que relatan o modo de vida dos habitantes do castro; muíños de man, pedras de afiar, pezas de adorno persoal, pratos, cuncas, olas, xerras, moldes e crisois de fundición, empuñaduras de puñais, fibulas e un machado pulido de tipoloxía neolítica, entre outros.

Dedúcese que vivían da agricultura e da gandería, dominaban a metalurxia e aproveitaban os recursos da caza, a recoleita de froitos, a pesca e o marisqueo.

CASTRO ANIMADO

Cada verán no castro A Cidá levase a cabo unha iniciativa de divulgación do recinto castrexo e a vida dos seus habitantes, coñecida como o Castro Animado.

Durante a celebración deste evento o espazo da 'acrópole' e a área recreativa do rego dos Muíños, que serve de entrada oficial ó recinto castrexo enchese de xente. Artesanía, animación teatral, gastronomía, recreacións prehistóricas, espectáculos de circo ou música de gaitas se que organizan co máximo respecto ao entorno.



ROMARÍAS

En Cabana de Bergantiños celébranse cinco romarías relacionadas cós cultos hidrolátricos; a cristianización destes lugares de carballeiras centenarias reflíctese nas ermidas e fontes santas de augas milagreiras que curan verrugas e outras enfermidades da pel, que son a lebranza dunha Galicia máxica e ancestral.

Entre elas destaca a romaría de San Fins do Castro, festa de Interese Turístico que ten lugar o 1 de agosto na ermida do mesmo nome. Pola mañá cedo acoden os romeiros á fonte santa para lavar a cara e as mans ou tirar cartos na pia. Xusto antes dos bailes da misa faise estoupar o Santo de Pólvora, unha falla artesanal na que se representa algún oficio tradicional. O ritual do Berro Seco é unha das partes máis esperadas da romaría, onde todo o mundo emite un berro tres veces e a coro.

MIRADOIRO DE AVES

O Miradoiro de Aves José Luís Rabuñal Patiño esta situado na praia da Urixeira e perfectamente integrado na paisaxe. Nel poderemos ampliar a información sobre as rutas e descubrir outras novas. Tamén atoparemos información da súa fauna, flora, historia, lendas, curiosidades, paneis interactivos e vídeos. Conta con paneis informativos das rutas migratorias, de como recoñecer aves ou dos útiles para observalas. Para a súa utilización é necesario solicitar as chaves no concello.

PRAIAS

Cabana de Bergantiños ten dous tipos de praias, as fluviais e as litorais. As praias fluviais foron rexeneradas e ofrecen unha boa alternativa para gozar da desembocadura do Anllóns, estas son O Curro, A Urixeira, O Pondón e O Lodeiro.



A Fonte de Santa de Margarida, na que os romeiros mollan os panos e deixan moedas para seren curados das verrugas.

Civil

Na arquitectura civil destacan varios cabazos ben conservados e de grandes dimensións como o de Paleira e Camafreita, en Nantón. A arquitectura paciega está representada nos pazos de Nantón, Corcoesto, Canduas e O Bosque.

SENDA DO ANLLÓN

A senda do Anllóns transcorre polos tres últimos quilómetros da marxe fluvial do Río Anllóns, na enseada da Insua, nun dos espazos naturais máis importantes de Galicia.

O percorrido que se inicia na praia do Curro e remata no Lodeiro, avanza polas ribeiras fluviais que forman praias, pequenos cantís, praderías, xunqueiras, silveiras e pequenos bosques, onde se poden observar aves autóctonas ou migratorias, flora endémica, embarcacións e vellos oficios artesanais como a carpintería de ribeira.

A fauna está formada por unha variada colonia de mamíferos, réptiles e anfíbios; a lontra, a xeneta, o armiño, a martaraña, a víbora de Seoane, a cobra de colar, o sapo corriqueiro, a ra patilonga ou a píntega, entre outros.

Na zona é de marismas un conxunto de ecosistemas de gran valor ecolóxico, na Insua, unha especie en perigo de extinción a boraxinácea (Ompholodes littoralis) supera o milleiro de exemplares.

Este túmulo protexe ao conxunto, formado por unha unha cámara poligonal, con acceso mediante un corredor de catro metros. A cámara está formada por sete lousas verticais e unha gran laxa que as cubre.

Ten unhas medidas de 4,20 x 2,5 m de diámetro e 2,90 de altura, chegando a alcanzar os 4,65 m de altura, e o corredor ten unha lonxitude de 4,10 m. Para construír este enorme sepulcro foron necesarios uns 140 homes para transportar as gigantescas lousas sen axuda de rolos e 53 no caso contrario.

No interior da cámara pódense apreciar gravados; e pinturas rupestres no corredor, á entrada deste atopáronse 20 idoliños de pedra aliñados, para protexer a tumba. O achado inclúe un notable enxoval composto por follas de sílex, contas de colar, puntas de frecha de sílex e cuarzo, hachas e aixolas pulimentadas. Está declarado Ben de Interese Cultural.

A TORRE DA PENELA

A Torre da Penela é o resto dunha antiga fortaleza do século XIV, que formaba parte da rede de fortalezas fronteirizas que estableceron os Moscoso e os Bermúdez de Castro, para defender o territorio. No século XVII foi transformada en pazo como sede da familia Riobó.

A Torre é de planta cadrada rematada cun antepeito de cantería coroado por ameas; a entrada principal é unha porta con arco de medio punto, o interior aínda conserva a estrutura da escaleira de caracol. Nunha das fiestras pódese apreciar a pedra armeira das liñaxes dos Bermúdez, Os Castro e os Riobó.

Ás costas da Torre hai unha fonte que segundo a tradición; a "mina da fonte" é un pasadizo que chega á Torre e que usaban para coller auga cando estaban asediados.

A lenda conta que o cruceiro que está próximo á torre tiña o poder de librar dos seus perseguidores a quen o traspasase, unha muller fuxitiva que corría cara ao cruceiro salvador, foi apresada e decapitada. Compadecidos, os veciños lairáronse: "¡Pena dela!". E segundo a tradición daí ven o nome da fortaleza.

Plan de Axudas Programa LEADER 2014-2020

Territorio GDR– Costa da Morte.
O ámbito territorial de actuación do programa xestionado polo GDR–Costa da Morte correspóndese cos seguintes concellos:

- > Cabana de Bergantiños
- > Camariñas
- > Carballo
- > Carnota
- > Cee
- > Corcubión
- > Coristanco
- > Dumbria
- > Fisterra
- > A Laracha
- > Laxe
- > Malpica
- > Mazariños
- > Muxía
- > Ponteceso
- > Vianzo
- > Zas

Edificio Servizos Múltiples,
Rúa A Torre, s/n,
15129 - VIMIANZO
T. 678 648 065

Centro Comarcal de Bergantiños,
A Camposa, s/n, Buño,
15111 - MALPICA DE BERGANTIÑOS
T. 608 633 222

+ info 981 71 73 58
gdrcostadamorte.com

GDR COSTA DA MORTE

UN TERRITORIO CHEO DE RIQUEZAS

GDR Costa da Morte somos unha asociación sen ánimo de lucro creada para integrar e representar aos diferentes axentes territoriais, institucionais, sociais e económicos, tanto públicos como privados, interesados en promover o desenvolvemento deste territorio.

As nosas competencias abarcan desde a xestión de axudas do Programa "Leader Galicia 2014-2020" ata a promoción e divulgación do noso territorio. Informamos e asesoramos á poboación rural sobre os programas de desenvolvemento rural e incentivamos a participación activa nos mesmos, ademais de promover e captar iniciativas acompañando aos promotores no proceso de maduración dos proxectos.

Outra vertente do noso traballo é dar a coñecer os valiosos recursos e o gran patrimonio destas terras, dende o turismo, a gastronomía, o patrimonio inmaterial, artístico, arqueolóxico ou natural.

O GDR Costa da Morte está composto por 17 concellos: Cabana de Bergantiños, Camariñas, Carballo, Carnota, Cee, Corcubión, Coristanco, Dumbria, Fisterra, A Laracha, Laxe, Malpica de Bergantiños, Mazaricos, Muxia, Ponteceso, Vimianzo e Zas.

Cada concello é único e aporta un gran valor á nosa iniciativa, desde recursos naturais, económicos, turísticos, culturais, gastronómicos, patrimoniais ata iniciativas pioneiras da nosa xente; o aproveitamento e a divulgación destes bens promoven o desenvolvemento do noso ámbito.


Coñecelos todos é descubrir unha gran parte da riqueza da nosa terra.

RUTAS























-  CAMIÑO DE SANTIAGO
-  R1 MEGALÍTICA
-  R2 DO ROMÁNICO
-  R3 DA PAISAXE
-  R4 DOS FAROS
-  R5 FÁBRICA DA LUZ
-  R6 DO RÍO ANLLÓNS
-  R7 CAMIÑO DA RIBEIRA
-  R8 SANTO HADRIÁN
-  R9 OS PINOS NO MAR
-  R10 DAS PRAIS
-  R11 DAS FÉRVEDAS

QR

Amplia información da Costa da Morte



SIMBOLOXÍA

- | | |
|--|--|
|  Camiño de Santiago |  Ponte |
|  Punto de información |  Conxunto Histórico |
|  Aula da Natureza |  Lonxa Fisterra |
|  Cemiterio de Cores |  Petroglifo |
|  Muíño |  Marco do Couto |
|  Igrexa Santuario |  Dolmen |
|  Pazo |  Museo |
|  Castelo Torre |  Praia |
|  Cruceiro |  Fervenza Encoro |
|  Horreo |  Faro |
|  Museo do Alemán |  Paisaxe |
|  Pedras Máxicas |  Centro de Interpretación Monte Pindo e Fervenza do Ézaro |

